

SOMOS IGUAIS

CONTOS POLA IGUALDADE

Queliña quere ser aviadora, gústalle vivir aventuras e contar historias. De pequena estaba farta de escoitar contos de PRINCESAS ROSAS e apoucadas e de PRÍNCIPES AZUIS e insensibles e un día dixo BASTA XA!!!

Puxo o gorro e os anteollos de pilota e foi buscar contos para demostrar que nenas e nenos SOMOS IGUAIS. Si, igual de valentes e igual de sensibles.

Descubriremos historias de nenas e nenos (ou animais) que rompen os estereotipos que abundan nos contos; nenas decididas, nenos sensibles. Identificaremos situacións as que nos temos que afrontar día a día, na escola, na casa, coas amigas e amigos, ... onde a violencia ou a agresividade física e verbal pode ter solución grazas á palabra e gozaremos brincando coa imaxinación que nos une.

Dende a nenez pódese previr todo tipo de violencia mediante novos modelos de feminidade e masculinidade rachando así cos roles e estereotipos asignados.


Desmontemos cos contos eses estereotipos que dificultan a convivencia pacífica entre nenas e nenos.

AS NENAS

As nenas necesitan outros modelos nos que reflectirse. Dende moi pequenas a sociedade, ensina as nenas que a súa valía está determinada primordialmente pola súa beleza, o seu rol reprodutivo, a súa delgadeza, por ser sensibles, cariñosas e obedientes e non pola súa intelixencia, asertividade, creatividade e capacidade crítica ou de liderado.

OS NENOS

As emocións non son sócousas de nenas... É moi importante que os nenos aprendan a expresar tamén de forma axeitada as súas emocións, moitas vetadas como xénero, o que pode rematar sendo unha das sementes de maltrato no futuro. Teñen que sentirse libres para falar sobre iso, para evitar que esa frustración xere agresividade e violencia: "os nenos non choran", "iso é cousa de nenas"...



Raquel Queizás

SOMOS IGUAIS

CONTOS POLA IGUALDADE

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

"As sementes da violencia seméntanse nos primeiros anos de vida, cultívanse e desenrólanse durante a nenez e comezan a dar os seus froitos malignos na adolescencia".

Precisamos, a través dos contos, mostrar ás nenas e ós nenos outros modelos cos que identificarse, para que vexan que SOMOS IGUAIS; nenas fortes, nenos sensibles.

Os contos fomentan a empatía. É dicir, a capacidade de poñerse no lugar doutro e identificar as emocións alleas. Os contos son unha gran ferramenta para a coeducación, pero antes de ensinar hábitos, debemos aprender a ser, como dicía Aristóteles, a nosa mellor versión posible de nós mesmos. Esa é a felicidade. E para alcanzala temos que desaprender, criticarnos, ver e comprender, saber identificar un entorno ou situación violenta tanto no ámbito doméstico, no ámbito escolar como no ámbito persoal. Só así poderemos cambiar o que non funciona.



Dirección e interpretación: Raquel Queizás

Duración: 50 minutos.

Público: alumnado de infantil e primaria.

Raquel Queizás

Tel. 600670740

info@raquelqueizas.com

Raquel Queizás

